



De París a Minsk

Descrición



As rúas de Minsk, capital bielorrusa, foron o escenario das concentracións dos opositores a Lukasenko, con cifras que oscilan entre as 4.000 e as 15.000 persoas. Sen embargo, e a pesar de que existe unha estratexia externa por revalidar a experiencia ucraína de decembro de 2004, que permitiu a caída dun goberno proruso, a oposición anti-Lukasenko nas rúas comezou a minguar progresivamente co paso das horas. (Foto: Seguidores de Alexander Milinkevich concentrados na Praza Central de Minsk o 21 de marzo de 2006).

Dúas crises, Francia e Belarus, ocupan actualmente a atención europea. No caso francés, unha polémica medida governamental, o Contrato do Primeiro Emprego, afonda nas consecuencias da precariedade laboral e provoca unha rebelión estudantil con posibilidades de folga xeral. No caso de Belarus, é a xeopolítica a que está en xogo, ao mellor estilo da *«guerra fría»*, aínda que revestida baixo o verniz da democratización.

Os protagonistas destas crises están no centro do poder nos seus respectivos países. Por unha banda, o presidente bielorruso Aleksandar Lukasenko asegura gañar con extremada contundencia as eleccións presidenciais do seu país, mentres a oposición denuncia fraude, avalada pola activación dunha estratexia de acoso e illamento político e económico por parte de EEUU, da Unión Europea, así como de organismos internacionais como a OSCE e a OTAN. Tan só a veciña Rusia manifesta o seu apoio a un réxime acusado de autoritarismo e de represión, a pesar da súa ratificación nas urnas.

As rúas de Minsk, capital bielorrusa, foron o escenario das concentracións dos opositores a Lukasenko, con cifras que oscilan entre as 4.000 e as 15.000 persoas. Sen embargo, e a pesar de que existe unha estratexia externa por revalidar a experiencia ucraína de decembro de 2004, que permitiu a caída dun goberno proruso, a oposición anti-Lukasenko nas rúas comezou a minguar progresivamente co paso das horas. En Belarus se detecta un pulso entre Moscova, Washington e Bruxelas por controlar zonas xeopolíticas (en materia militar e enerxética) dentro do antigo espazo ex soviético. Pero as *«revolucións de cores»* de Ucraína e Xeorxia semellan non ter cabida, polo de agora, en Minsk.

O caso francés presenta un panorama diferente. No centro da polémica se atopa o primeiro ministro Dominique de Villepin, cuestionado pola aplicación dunha impopular reforma laboral que permite ao empresario despedir aos menores de 26 anos sen causa xustificada. A controvertida medida afecta directamente á imaxe e ás posibilidades electorais de Villepin para o 2007.

En principio, os estudantes de ensino medio e universitarios tomaron as rúas de París e doutras cidades, con cifras que oscilan entre o medio millón e o millón de manifestantes en total. Os sindicatos e partidos de esquerda se uniron ás demandas estudantís e valoran a posibilidade de convocar a unha folga xeral.

Belarus e Francia, ou Lukasenko e Villepin, que tanto ten, dous países e dous políticos acosados por forzas de distinta orixe. No caso bielorruso, a caída de Lukasenko máis ben semella ser un obxectivo planificado dende Washington e

Bruxelas. Pero a súa consolidación no poder apunta directamente aos obxectivos rusos de salvagardar un estratéxico aliado, aínda que iso implique defender as derivas autoritarias do seu socio.

No caso francés, a crise se manifesta nun claro rexeite social das medidas de Villepin, que se infiltra nas diversas capas sociais, principalmente da clase media. A impopularidade do primeiro ministro baterá fortemente nas súas pretensións presidenciais do próximo ano. Pero a crise francesa revela síntomas sociais máis fondos, localizados no descrédito das súas elites políticas, na ausencia de proxectos alternativos, nas dificultades polas que atravesamos o estado social do benestar e nun proceso de atomización social.

Non sabemos con certeza se Lukasenko e Villepin se manterán no poder ou se ben caerán produto destas sendas crises. Pero os escenarios que se presentan auguran o comezo dun temporal primaveral que tamén posúe serias connotacións políticas. Ambos os dous, son retos aínda por definir para o conxunto de Europa.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

Europa ARCHIVO

IDIOMA

Galego

Fecha de creación

marzo 22, 2006

Campos meta

Autoria : 3713

Datapublicacion : 2006-03-22 00:00:00